

Vengaboys poñerá o acento internacional no Atlantic Pride este verán

O festival coruñés, coñecido como 'Orgullo do Norte', confirma a presenza da banda de culto neerlandesa o xoves 11 de xullo, no escenario dos Xardíns de Méndez Núñez

O eurodance e o pop máis colorido dos 90 farán bailar ao público ao ritmo de éxitos como *Uncle John from Jamaica*, *We're Going to Ibiza*, *Boom Boom Boom Boom* ou *We Like to Party*

O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuito e inclusivo, que celebrará a súa quinta edición do 7 ao 14 de xullo de 2024, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña - ORCO-, o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic



A Coruña, 17 de abril de 2024.- Un dos rumores máis soados da quinta edición do Atlantic Pride é xa unha realidade. Vengaboys poñerá o acento internacional ao festival coruñés, coñecido como 'Orgullo do Norte', cunha actuación de alta voltaxe que terá lugar a noite do xoves, 11 de xullo, no escenario dos Xardíns de Méndez Núñez da cidade herculina. A banda de culto neerlandesa visitará este verán A Coruña na que será unha das súas tres únicas citas co público español dentro da súa xira mundial neste 2024.

Da man de Vengaboys, o eurodance, a electrónica e a música pop máis mítica e colorida dos anos 90 farán bailar á cidade da Coruña a ritmo de éxitos como *Uncle John From Jamaica*, *We're Going to Ibiza*, *Boom Boom Boom Boom* ou *We Like to Party*, que non faltarán nesta cita da troupe co público do Atlantic Pride.

O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuito e inclusivo, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO-, o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic. Na súa quinta edición, que se celebrará do 7 ao 14 de xullo, ademais de Vengaboys, está tamén confirmada a presenza das estrelas eurovisivas Nebulossa, Rosa López, Las Ketchup e Lucía Pérez, ademais de figuras que pisan forte na nova escena galega, como Mondra, Sila Lúa, O Rabelo e Nenaza, Catuxa Salom, Lontreira e Amoebó. Na festa deste 'Orgullo do Norte' non faltarán, tampouco, as voces de grandes divas como Chanel, Luna Ki e Supreme de Luxe. Moi pronto, o Atlantic Pride dará a coñecer o seu programa completo con últimas confirmacións para este 2024.

O ORGULLO DO NORTE

A Coruña volverá ser a sede do 'Orgullo do Norte' entre o 7 e o 14 de xullo para celebrar a quinta edición do Atlantic Pride. Neste 2024, o festival propón oito xornadas de música e celebración ao redor da diversidade sexo-afectiva e de identidade na que promete ser, novamente, nunha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular, que moi pronto desvelará novos nomes e actividades. O Festival Atlantic Pride nace en 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras e, en 2022, regresou á súa esencia con toda a forza, enchendo A Coruña e as súas rúas de música en directo durante oito días. En 2023, o Atlantic Pride logrou alcanzar máis de 100.000 espectadores, marca que a cita se propón bater este ano.

O Atlantic Pride nace na Coruña no ano 2019 como un festival pioneiro, gratuito e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. Está impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña e Turismo da Coruña, e conta co patrocinio principal de Estrella Galicia, Xunta de Galicia e Globalgrafic. O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGTBI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social do noroeste.

SOBRE VENGABOYS

Todo empezou da man de dous dj's: Danski e Delmundo, que organizaban festas improvisadas na praia co seu vello bus escolar. Durante as súas xiras por Ibiza e a costa española, entre os anos 1992 e 1997, catro bailaríns e cantantes sumáronse á *troupe*: Roy, Denice, Kim e Robin, dándolle novos aires aos seus dj sets. A súa fama crecente deulles o impulso necesario para ir un paso máis aló e crear o seu propio selo discográfico, co que comezaron a producir, tamén, os seus propios discos.

O seu primeiro *hit* internacional, *Up & Down*, viu a luz en marzo de 1997 e pronto se posicionou no posto número 5 das listas musicais de Europa, antes do seu desembarco estadounidense, onde alcanzou, tamén, un notable éxito. De costa a costa, non houbo club nin *parade* no que non se escoitase *Up & Down*, seleccionado no número 1 da popular listaxe Billboard Dance Chart. O seu álbum debut, acertadamente titulado *Greatest Hits!*, converteuse en disco de ouro en Estados Unidos. Ese mesmo ano, Vengaboys foron nomeados aos Premios MTV na categoría de mellor actuación revelación.

E isto foi soamente o principio... Himnos do dance pop como *We Like To Party*, *Boom Boom Boom Boom* e *We're Going to Ibiza* desataron un furor desprevido entre todos os públicos. Vengaboys logrou situar 7 sinxelos no top 10 de éxitos nas listaxes de Reino Unido, e acadou tamén a cima en máis de 40 países, como Alemaña, India, España, Suráfrica, Tailandia, Polonia, Australia e México, entre moitos outros.

E os hits continuaron. Temas como *Shalala lala*, *Kiss (When the Sun Don't Shine)* ou *Uncle John From Jamaica*, por mencionar algúns, situáronse novamente nos postos máis elevados das listaxes musicais en todo o mundo. De feito, todos os *singles* lanzados por Vengaboys na súa primeira década de traxectoria estiveron sempre entre os 40 primeiros postos de Reino Unido.

Para celebrar o seu grande éxito con todos os seus fans, o grupo embarcouse nunha extensa xira mundial ao longo de Europa, Estados Unidos, Australia, Xapón e América do Sur., ata que, a principios de 2004, a banda decidiu tomarse un respiro por un tempo. En 2007, os Vengaboys reúnense de novo para embarcarse no que eles mesmos chaman o seu 'Non-stop World Tour', co que agora chegan ao Atlantic Pride da Coruña.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155

Mail: luisa@theofficeco.es

DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2024

Cartel, notas de prensa, fotos, audios, vídeos e outros materiais informativos

<https://www.dropbox.com/scl/fo/r3xyojfbc4wgqe1xxk51q/h?rlkey=ejwtag0cvi5zige0s09vwtifj&dl=0>

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://atlanticpride.es/>